

ENTREVISTA

VICTORINO PÉREZ PRIETO, TEÓLOGO E AUTOR DA OBRA «DO TEU VERDOR CINGUIDO»

“Os salmos da Biblia son verdadeiros cantos ecoloxistas”

O relixioso defende que o racionalismo desvirtuou a mensaxe verde dos textos sagrados que invitaban a “respetar as regras da terra”

Cristina Iglesias • A Coruña

O sacerdote Victorino Pérez Prieto (Hospital de Órbigo, León, 1954) escápase ós estereotipos ó uso dun ministro da Igrexa. Anda pola vida vestido de civil, combina o sacerdocio en dúas parroquias do cinturón de Ferrol (San Xoán da Filgueira e San Pablo) coa teoloxía, e vive nas casas sindicais de Catabois, o barrio marxinal da cidade departamental. Voz crítica dentro da Igrexa, presentou onte na Fundación Once o seu cuarto e último ensaio, unha reflexión do ecoloxismo dende o cristianismo chamada, e non por casualidade, “Do teu verdor cinguido”.

—¿Deus é ecoloxista?

—Un dos capítulos do libro chámase precisamente o “Verdor da Biblia” e nel atópanse personaxes e mensaxes que hoxe consideramos ecoloxistas. Xesucristo era ecoloxista, se estudas as súas parábolas son un alegato ó respecto da terra e ás súas regras porque o Xesús da Biblia é un labrego e fala de como hai que coidar a terra para que medren as cosechas. E os salmos son verdadeiros cantos ó ecoloxismo...

—¿Por qué sentiu a necesidade de establecer esta ponte entre cristianismo e ecoloxismo?

—É unha vella demanda dos mesmo movemento ecoloxista porque moitas veces xustifícase a explotación da terra no cristianismo, no sentido de que a doutrina fala da superioridade do home sobre o resto da creación. Eu quixen demostrar con este libro que para ser un bon cristiano hai que ser ecoloxista.

—¿A superexplotación da terra é pecado logo?

—A base do meu razoamento é que a mensaxe inicial do cristianismo era de un grande amor á terra de tamén de espeto as súas leis. A palabra home ven do hebreo adán, e esta derívase



Victorino Pérez pensa xa nun novo ensaio: o feminismo dentro do cristianismo

GAGO

directamente dun termo hebreo que significa terra. Podese dicir que a raíz do cristianismo era materialista porque non consideraba a terra algo secundario e digno de desprezo se non que era un dos seus valores. Con esta base podese facer una comparanza atrevida pero que é unha chamada á reflexión ós crentes, que a terra é o corpo de Deus. Foi primeiro coa helenización, e sobre todo no século da

Ilustración cando o cristianismo se impregnou do racionalismo e a mensaxe orixinal transformouse neste alegato do home como dono do mundo.

Control da natalidade

—¿E que tal acolle a Igrexa estas ideas saídas do seu seo?

—Penso que ó pensamento eclesástico cóstalle eliminar algúns prexuízos que máis tarde ou máis cedo acabará superando. Por exemplo sobre o control da natalidade, que é unha das esixencias fundamentais que plantea o ecoloxismo e que terá que aceptarse porque está claro que os recursos da terra son limitados e hai que planificalo crecemento se queremos un mundo xusto. O ecoloxismo dentro do cristianismo vai máis aló dun planteamento ambientalista, en realidade é unha alternativa ó economicismo.

—¿Cómo pode definirse este ecoloxismo cristián?

—Hai unha frase de Gandhi que eu recollo no meu libro e que penso que o explica ben: “o maior problema ecolóxico é a pobreza”. ■

“A Igrexa debería superar esa concepción do sacerdote célibe”

—Vostede como sacerdote de dúas parroquias sofre esa crise de vocacións que está deixando ás iglesias sen ministros. ¿Por qué cre que hoxe pouca xente abraza os votos?

—Eu persoalmente estou moi contento co traballo de ser cura aínda que entendo que obriga a unha situación persoal rara, porque non podes desenvolver unha vida afectiva normal. Pero foi a miña elección personal porque dende a fe penso que o anuncio de Xesús é unha boa nova para o mundo. Creo que na sociedade laica vencélase a igrexa co celibato e por eso se rexistra certo rexeitamento. E penso que o celibato é unha cuestión secundaria dentro do que significa ser sacerdote e non debería ser unha obriga. A Igrexa tería que superar esa concepción do sacerdocio. ■